

Contrato de servizos Procedemento aberto simplificado Tramitación ordinaria		
Documento CON13I1IY	Expediente CON/30/2019	Data Creación: 24-09-19 09:19

ACTA DA 2ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

LICITACIÓN: Prestación do servizo cursos de formación no servizo de extinción de incendios e salvamento: Bombeiros de nova incorporación e de promoción interna a sarxento.

TIPO DE LICITACIÓN: 46.000 euros máis IVE.

PROCEDEMENTO: Aberto simplificado.

LUGAR, DATA E HORA: Sección de Contratación, Rúa Presidente Salvador Allende, nº 6-8, 10 de outubro de 2019, ás 9 horas.

ASISTENTES:

Presidente: Gonzalo Muíños Sánchez.

Vogais: María Moreno Berguer, xefe servizo de movilidades e seguridade
Juan Ramón González Carnero, interventor xeral.
Iñaki Bilbao Castro, letrado en representación da asesoría xurídica municipal.

Secretario: Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

Tamén asiste como asesor: Manuel Sanmartín Chao, xefe de servizo de extinción de incendios.

Convócase esta reunión da mesa para dar conta das xestións realizadas co obxecto de permitir a apertura dos arquivos electrónicos que conteñen a documentación acreditativa dos criterios de adjudicación avaliados mediante fórmulas da empresa TRAINING ADDED VALUE SL.


A estes efectos, solicitouse informe á empresa xestora da plataforma de licitación do Concello PIXELWARE. Este informe detalla que, coa autorización do secretario da mesa e baixo a supervisión do departamento municipal de informática, levaron a cabo un proceso de apertura nos seus sistemas coa finalidade de comprobar se os documentos a descargar están corruptos en orixe ou ao realizar a apertura da oferta.

Repetido o proceso de apertura da proposta conclúen que o motivo do fallo é que os documentos xeráronse cun programa de MAC incompatible con Adobe. Isto é, é o propio Adobe o que non é capaz de abrir os documentos.

Confirmando o informe que o problema xerouse en orixe e que, en consecuencia, a responsabilidade pola imposibilidade de abrir os documentos é imputable o licitador e non é posible a súa subsanación, isto conlevaría que non se lle valorarían os criterios concretos afectados pola falta da documentación acreditativa. Non obstante, o interventor propón, e así o acorda a mesa, que se emita un informe complementario polo departamento municipal de informática no que se avale o emitido pola empresa PIXELWARE e se confirme a imputación da responsabilidade ao licitador.

Ás 9.15 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

**Vº E PRACE
O PRESIDENTE DA MESA**



O SECRETARIO DA MESA

